Actividades para facer co

Contacontos de Libros Contentos

Actividades realizadas por

Carmen Domech

www.titerescachirulo.com

Actividades para facer co
Contacontos de Libros Contentos

de Carmen Domech

"Sempre hai un neno que te pregunta: Como inventan as historias? E merece unha resposta honesta"
Gianni Rodari



Autora: Carmen Domech

Contacto: Carmen Domech
www.librosfantasticos.com

Títeres Cachirulo
www.titerescachirulo.com
carmen@titerescachirulo.com
cachirulo@titerescachirulo.com
Tlfn. 981 80 12 37

Índice.

1.- Presentación 3
2.- A animación á lectura 4
3.- Os libros 5
4.- Un circo de libros 7
- Damas e cabaleiros ante vostedes: O maior espectáculo do mundo!
5.- Humanizando os libros 10
- Un título propio
- Escoita que che leo libro
6.- Os meus personaxes preferidos 12
- Cartas de despedida
- "Pajaritas" na cabeza
- A historia está na mancha
7.- Alimento para a alma 15
- O oído
- O olfacto
- O gusto
- A vista
- O tacto
8.- A libre cidade do libro 20
9.- Están tolas estas lecturas! 23
- Cascabelendo
- O libro electrónico
- Libro con cóxegas
10.- Os libros da miña biblioteca 25
- Dicionario
- Conto ou novela
- Guía turística
- Libro de Teatro
- Libro de Poesía
- Libro de cociña
- Cómic
11.- Os libros son pontes entre culturas 33
12.- Xogando coas historias 34
- Tecendo un marca páxinas
- O personaxe sae do libro
13.- Tachan!!! (Técnicas "Pop Up") 36
- Diálogo de ollomoles
- Tragaldabas
- Cotilla de pacotilla
- A porta misteriosa
14.- Non me rompas a cabeza 40

1.- Presentación

Os libros da miña maleta tolearon. A todos lles ocorren cousas estrañas e misteriosas. Cada un ten unha historia que contar, como todos os libros do mundo, pero estes libros decidiron transmitila dun xeito diferente; por iso se converteu en barco o libro que recolle os relatos do mar, medroulle unha maceira ao que conta como naceron as palabras, quedou atrapado nunha arañeira un pequeno libro aventureiro… e así, un tras outro, vannos amosando as súas historias, estes libros cheos de fantasía.

Animar ou incitar a ler é introducirse nunha nova aventura na que cada persoa se converte en protagonista, a partir da identificación cos personaxes de ficción. A animación á lectura consiste, pois, en propoñer o achegamento e o afondamento nos libros, dunha forma creativa, lúdica e pracenteira.

Pero ler non se limita a descifrar os caracteres impresos: é unha fiestra aberta á reflexión, á comunicación e á interacción. Ler lévanos a compartir sensacións, pensamentos, experiencias e a proxectar as nosas inquietudes e os nosos soños. E é desde ese mundo interior, o dos soños e a fantasía, desde onde quixemos achegarnos mostrando que os libros son obxectos cheos de maxia sobre os que cada un crea o seu propio relato e escribe a súa propia historia.

2.- A animación á lectura



Cada un de nós posúe unha chave máxica que pode utilizar á súa elección. Esta chave abre portas a outros mundos nos que penetrar e ademais permítenos saír e volver entrar cando queiramos fascinantes aventuras.

A lectura é a chave.
Que lugar che gustaría coñecer?
Que época queres visitar?
Con que personaxes quererías estar?
Que queres saber?



A capacidade de ler dános PODER. Poder de descubrir cousas por nós mesmos, buscar a información que nos interesa e descartar a que non nos interesa. Así podemos decidir que crer e que poñer en dúbida.

Se é un libro divulgativo coñecemos cousas novas sobre o tema que trata, aprendemos a tratar a información que seleccionaron, e analizamos a que lle dan maior ou menor importancia. Mesmo o que non aparece pode motivarnos a buscar noutros libros sobre o mesmo tema, que probablemente teña datos similares, pero haberá diverxencias que nos axuden a cubrir espazos baleiros e contrastar argumentos.

Ler axúdanos a formar unha opinión persoal válida e razoable.

3.- Os libros

Abre esas caixas de sorpresa que son os libros e cando encontres un que che guste, coa túa chave máxica déixate levar polas súas palabras. Permítelle que te abstraia do teu mundo e a túa realidade, abre os teus sentidos para ulir, escoitar, palpar, ver e saborear o que aparece entre as súas páxinas. Non teñas medo de pasar frío ou calor cos personaxes, só déixate mexer polas letras. Elas saben falarte de heroes ou heroínas incribles, doutros lugares e épocas reais aínda que inventadas... E mentres te falan de todo, estanche a falar de ti: les os teus sentimentos, les as túas inquietudes, les as túas experiencias, les sobre a túa vida. E xa non estas tan só/a.

Os libros pódennos acompañar onde vaiamos e, con só abrir as súas tapas, logran introducirnos na súa historia, conectándonos co autor/a e recrear o que nos quere contar.

Temos sorte de saber ler. É un potencial infinito cheo de enerxía creativa.

Un exemplo. Cando lemos unha novela e logo vemos a adaptación en película, adoita desilusionarnos un pouco. Non oíches nunca “Gustoume máis o libro" ao saír do cine? Non o dixeches ti? Adoita pasar porque tras vivila tan clara e

intensamente no teu interior, visualizada pola túa propia fantasía, vela incompleta e distinta na pantalla fai difícil que esa versión da historia nos apaixone do mesmo xeito.

Esa é a outra gran fonte de riqueza que nos dá a lectura: as diferentes interpretacións e formas de imaxinar unha historia. Mesmo ti mesmo relendo un libro en distintos momentos da túa vida atopas cousas diferentes.

Ler tamén é un regalo que podemos dar a alguén especial. Encontrar de súpeto unha lectura marabillosa e ofrecerlla a alguén é compartir unha parte de nós.

Achégate aos libros, óllaos, elixe, acomódate, ponte a disfrutar e mergúllate na lectura. Non tes que perder nada e moito que gañar.



4.- Un circo de libros

Atención, atención, ante vostedes as máis sorprendentes narracións. Damas e cabaleiros, con todos nós: OS LIBROS!

DAMAS E CABALEIROS, ANTE VOSTEDES: O MAIOR ESPECTÁCULO DO MUNDO!

Duración: 50 minutos

Materiais: Cartolina, tesoiras e lapis de cores

Desenvolvemento: Cada un destes libros ten o seu número circense, só hai que colorealos e recortalos. Debuxa nunha cartolina ou un papel grande unha pista de circo. Inventa outros libros espectaculares para engadir os seus números ao teu repertorio e cando teñas varios... Atención, atención! Vas ser o mestre ou a mestra de cerimonias, que presenta a cada personaxe e introduce o público no número que se vai realizar!









5.- Humanizando os libros

UN TÍTULO PROPIO

Duración: 10 minutos

Materiais: Papel, boli, unha cartolina ou un papel grande (se non o tes a man, une varios folios con celo) e lapis de cores.

Desenvolvemento: Elixe un libro que teñas na casa e que che guste por algunha razón: o seu tamaño, o tipo de papel, a súa cor... Coa cartolina prepara unha funda para o libro. Queda coa funda á parte e coloca o libro xunto a unha ventá para que lle dea un pouco o aire.

Agora tes que inventar unha palabra. Non é doado, pero esa palabra estate a esperar nalgún lugar. Cando a teñas escríbea, lea, repítea, transfórmaa se é necesario ata que che soe ben. Quizais a túa palabra poida ter os ollos vivos para ver do mundo todas as cores, ou patas longas e pés fortes pairas avanzar sen problemas.
Esa palabra é o título con que se sente máis favorecido o libro que espera xunto á ventá.

Dálle o seu novo título ao libro. Escríbeo na funda con letra primorosa, coma se a arranxases para ir a unha festa. Usa as cores e todo o que che apeteza: lazos, purpurina, macarróns.



Agora colócaa no libro, seguro que se sentirá de marabilla co seu novo nome.
Se queres darlle outro regalo invéntalle un índice, porque aos libros os índices lles encantan.
Podes poñer os nomes dalgúns capítulos dos sucesos fabulosos que imaxinas que debe ter un libro cun título

tan especial. Escríbeo nun papel do tamaño do teu libro e métello dentro.
Xa só queda o resumo da contraportada: escribe nunhas liñas sobre que trata o libro e colócao na parte de atrás da funda como teñen moitos libros.

ESCOITA QUE CHE LEO, LIBRO

Duración: 15 minutos

Materiais: Caderno e boli

Desenvolvemento: Tes que elixir dous libros que che gusten moito, moito, moito. Imos chamar ao primeiro libro 1 e ao segundo libro 2.
Lelle ao libro 1 un anaquiño pequeno do libro 2 e logo lelle ao libro 2 un anaquiño pequeno do libro 1.
Xa se coñecen, pois ti os presentaches. Agora inventa con eses dous anaquiños que liches unha pequena historia para regalarlla ao teu caderno escribíndoa na súa barriga.

6.- Os meus personaxes preferidos

CARTAS DE DESPEDIDA

Duración: 10 minutos

Materiais: Papel e boli

Desenvolvemento: Imos escribir unha carta ao noso personaxe favorito.
Cando acabamos de ler un libro que nos gustou moito, dá un pouco de pena despedirse dos personaxes cos que compartiches momentos tan estupendos. Quizais algunha vez te quedaches durmido/a lendo e as imaxes do libro coáronse no teu sono compartindo vivencias e personaxes.
Elixe un personaxe que che interesase especialmente e escríbelle unha carta de despedida. Podes dicirlle que en certo modo a partir de agora sempre vai contigo e, se queres, dille que se pase a visitarte.

“PAJARITAS” NA CABEZA

Duración: indeterminada

Materiais: papel e boli

Desenvolvemento: Primeiro imos aprender a facer “pajaritas” de papel.
Igual que os cans esconden os ósos para saborealos despois, imos esconder os nosos personaxes literarios favoritos para revivilos de cando en vez.
Por cada libro, conto ou cómic que leas, fai unha “pajarita” e escríbelle o nome dun dos seus personaxes. Logo métea nalgún libro ou caderno. Pérdea entre as túas cousas, sen facerlle caso durante un tempo. E logo, cada vez que encontres unha “pajarita”, mira a quen pertence e recorda algo da súa historia. Un bo día podes agrupalas e ver xuntos todas as “pajaritas” que tes na cabeza.



A HISTORIA ESTÁ NA MANCHA

Duración: 15 minutos

Materiais: Papel e boli

Desenvolvemento: Aínda que parece unha cebra calquera, non o é. A súa fascinante historia está nas liñas que a caracterizan, e esta esperando que ti lla escribas.
Despois, podes xuntala coa cebra doutros/as compañeiros/as e así formar un rabaño de cebras fabulosas.
Tamén podes escribir unha historia nas moutas dun leopardo, nos triángulos dunha serpe, ou nos longos cabelos de Rapunzel.



7.- Alimento para a alma

LIBROS COS 5 SENTIDOS

O OÍDO

Duración: 5 minutos.

Materiais: Papel e boli se queres escribir a túa canción ao rematar

Desenvolvemento: Chin Chin e o seu pai conseguiron unha batería. Conta-canta as súas aventuras.



O OLFACTO

Duración: Entre 5 e 10 minutos

Materiais: Papel e boli se queres escribir a historia e lapis de cores para pintar os libros.

Desenvolvemento: Recorda olores: algún que che gustase moito, outro que non che gustase nada e un que che traia un recordo feliz. É posible que che sexa máis doado recordalos cos ollos pechados. Pensa, pensa, e cando os teñas dálle un deses olores a cada un destes libros. Vai ser ese aroma o que che propoña o comezo da súa historia.



O GUSTO

Duración: arredor de 10 minutos

Materiais: Lapis de cores

Desenvolvemento: Os libros son alimento para a alma. E os bocatas comida rápida e concentrada como a dos astronautas. Pero non viaxaremos ao afastado confín do ceo, farémolo ao noso afastado confín interior. Imos gozar dunha comida tranquila como unha historia sen présas. Debuxa o menú que prefiras enriba desta mesa: os personaxes, lugares, sentimentos, obxectos... todo o que queiras que conteña a túa historia. Por exemplo, se na túa historia hai humor podes debuxar unha ensalada sorrinte, ou chulas de gargalladas, ou zume de sorrisos...



A VISTA

Duración: 5 minutos

Materiais: Lapis de cores

Desenvolvemento: Este é un libro de cine, debuxa unha secuencia da súa aventura.



O TACTO

Duración: 5 minutos

Materiais: un boli

Desenvolvemento: Imos imaxinar a través do tacto de que tratan os libros do estante. E inventarlles un título.
Pecha os ollos e toca unha peza de roupa.

Se fose un personaxe sería:
Grande ou pequeno?
Simpático ou antipático?
Masculino ou feminino?
Mozo ou vello?
Ponlle un nome.
De que pode tratar a súa historia?
Pensa un título para escribilo no lombo dun dos libros do estante.
A continuación toca a túa mesa, algún obxecto que teñas a man, a túa orella... e escribe no lombo destes libros se son de piratas, do espazo, de poesía...



8.- A libre cidade do libro

Duración: 1 hora

Materiais: Tesoiras, pegamento, lapis, regra e cores

Desenvolvemento: Imos construír a libre cidade do libro. Nela podes inventar calquera historia. Os personaxes van dunha casa-libro a outra, visitándose e meténdose noutras historias. Cabalgan nos seus "cabalibros" e así coñecen o mundo. Hai casa-libros grandes como pazos e pequenas como paradas de autobús. Debuxa ao teu gusto as casa-libros en branco. Colorea, recorta e pega todas as casas, tamén podes facer outras novas. Se queres constrúe parques, prazas e camiños para facer a túa maqueta da túa libre cidade dos libros. Por certo, quen vive aí?







9.- Están tolas estas lecturas!

CASCABELENDO

Duración: 10 minutos

Materiais: Papel e boli

Desenvolvemento: Observa este libro: ten un cascabel, pero non sabemos a razón. Talvez sexa como a serpe de cascabel Será velenoso? Ou quizais lle puxeron un cascabel como os gatos, para alegría dos ratos. Será perigoso? É posible tamén que sexa un cascabel como o que se colocan os trasgos ao final dos seus gorros. Será divertido? Ou que sexa calquera outra cousa. Seguro que ti podes escribir unha pequena historia que nos revele o misterio do libro con cascabel.



O LIBRO ELECTRÓNICO

Duración: 15 minutos

Materiais: Papel e boli

Desenvolvemento: Cada vez van ser máis comúns os libros electrónicos. Dentro dun pequeno ordenador imos dispoñer dunha gran biblioteca. Agora imaxina que un virus ataca a un libro electrónico cargado ata os topes de centos de lecturas. Pero é un virus especial, é bo e chámase Super-Virus. Pero ás veces non se decata das cousas.

Ao virus dálle por entrar nunha e outra novela salvando a quen estea en perigo. Os heroes e heroínas agrúpanse indignados por ese impostor que lles quita o traballo disfrazado de benfeitor e deixándoos no paro. Os rescatados/as estanlle agradecidos, aínda que algúns un pouco molestos pola forma tan rápida e eficaz de rematar a súa aventura.

E Super-Virus...

Que máis podería suceder? Propóñoche que continúes a historia.

LIBRO CON CÓXEGAS

Duración: 15 minutos

Materiais: Un libro e bo humor

Desenvolvemento: Elixe un libro que non sexa nin moi pesado nin moi pequeno nin moi grande.
Imos tratar ao libro coma se fose outro obxecto. Cólleo e, como un mimo, utilízao coma se fose unha prancha, unha raqueta de tenis, unha almofada, un cochiño, unha guitarra, un babeiro... Calquera cousa que se che ocorra. A continuación, a ese libro que pode ser tantas cousas, imos darlle unha alma.

Empezas pouco a pouco a facerlle cóxegas, ata que se ría a gargalladas. Logo acaríciao mentres rosma como un gatiño. Se espirra, dille saúde e faino saltar de alegría contándolle os plans para as vacacións. Xoga a ver como andaría a modiño e a grandes zancadas. Como se paparía unha mosca molesta e como tremería de frío.
En canto practiques un pouco, móstrallo a un/a compañeiro/a. Quizais poidades facer unha pequena historia entre os dous, cada un dándolle vida ao seu libro.

10.- Os libros da miña biblioteca

Unha biblioteca é un edificio onde hai libros ordenados e catalogados. Pero tamén é un grupo de libros polo xeral moi diferentes. Pode haber tomos de divulgación, de ficción, ensaio, poesía...
Propóñoche facer unha mostra de diferentes tipos de libros que podemos encontrar nunha biblioteca.

DICIONARIO
Duración: 10 minutos

Materiais: Folios e boli

Desenvolvemento: É difícil que falte un dicionario nunha biblioteca, así que podemos empezar por el.
O teu dicionario non ten por que ser moi grande, pero si vai ter que ser moi especial: vas inventar as palabras e o seu significado. Escribe as palabras nunha folla en sucio para ordenalas e pasalas a limpo en orde alfabética.
A continuación tes unhas ideiñas que che poden axudar.

- Imaxina unha palabra inventada nunha viaxe en ascensor: ……. (Escribe aquí a palabra).

A continuación imos co significado: "Referido á acción de....."

-Palabra inventada na ducha:
……
"Instrumento de labranza que.....
……."

-Palabra aparecida entre soños:
……
"Pertencente a.....
……."

-Palabra medio escoitada na calle:
……..
Nome dado a……
……
……."

-Palabra que se colou na fenda dunha porta:
……..
"Acción e efecto de……
……."

-Palabra sorpresa que se esconde tras a cortina:
……
Zooloxía……
……

-Palabra inventada formada con sílabas dos nomes da túa familia:……
"En mitoloxía……
……."

CONTO OU NOVELA

Duración: entre 15 e 20 minutos

Materiais: Papel e boli

Desenvolvemento: Segundo do que traten os contos e novelas se agrupan nos distintos xéneros: aventura, histórica, policíaca, ciencia ficción, comedia...
Imos facer unha historia de aventuras. Así que en lugar das aventuras do Raposo "Z", imos inventar as aventuras do Libro "L". Para conseguilo debes continuar o texto de abaixo e lerllo a algún/a compañeiro/a ou a alguén da túa familia.

< < "L" o libro naceu, xa sen pelos na lingua, nunha tarde soleada. Vamos, que non se calaba o que tiña que dicir. Vivía en unha vella escola que estaba xunto a unha estación de ferrocarril pola que xa non pasaban trens. Dende pequeno sempre encontrou

as palabras oportunas para defender aos máis débiles e frases marabillosas coas que ilusionar aos seus amigos e amigas.
Un día, unha terrible tormenta desbordou o río. A auga empezou a entrar a cachón na vella escola. Libros, cadernos, mapas e enciclopedias estaban aterrorizados. Nesa situación, "L"..... > > (Agora sigue ti)

GUÍA TURÍSTICA

Duración: 10 minutos

Materiais: Papel e boli

Desenvolvemento: Esta guía turística está afeita a pescudalo todo e contalo despois. Tras dous meses de vivir debaixo dunha cama, especializouse en falar a preto dos Pelusillas, eses seres indefensos que nos dan tanto medo e viven tras os mobles e debaixo das camas.
Axuda a esta guía turística a contar o que son os pelusillas, mesmo podes facerlles un debuxo. A continuación tes o índice da guía, pero podes cambiar o que queiras del.

1. Como son os pelusillas?
2. Aos pelusillas gústalles...
3. Por que dan medo os pelusillas?
4. De que teñen medo os pelusillas?
5. Costumes e folclore
6. Festas e diversións



LIBRO DE TEATRO

Duración: 10 minutos

Materiais: un boli

Desenvolvemento: O teatro tamén é divertido de ler. Nel pode haber monólogos nos que só fala un, pero sobre todo hai diálogos, e para iso fai falta que polo menos falen dous.
Nunha biblioteca unha araña tece un fío que vai dende un libro do estante de arriba, que só pode ver a lámpada e un pouco da ventá, a outro libro que está no estante de abaixo, que só ve a alfombra e algo da cheminea.
De súpeto os libros decátanse que poden falar a través do fío esquecido pola araña coma se fose un cable telefónico. Inventa o que se din estes personaxes un ao outro.

-Libro de arriba: ……..

-Libro de abaixo: ……..

-Libro de arriba: ……..

-Libro de abaixo: ……..

-Libro de arriba: ……..

-Libro de abaixo: ……..

LIBRO DE POESÍA

Duración: 10 minutos

Materiais: un rotulador vermello

Desenvolvemento: A poesía é un dardo directo ao corazón que nos agudiza os sentidos. Os libros de poesía acompáñannos cando estamos tranquilos, tristes ou súper-marchosos. Por iso as letras das cancións son poemas tamén.
Imos inventar unha poesía cunha técnica moi sinxela: Elixe unha palabra que che guste moito por como soa, polo seu significado ou porque che recorda algo positivo. Intercala esa palabra con frases que comezan coas preposicións e que ti debes continuar.

(Comeza o poema coa túa palabra)……..
A ……
(Escribe a túa palabra)……
Ante……
(Escribe a túa palabra)……
Cabe……
(Escribe a túa palabra)……
Baixo……
(Escribe a túa palabra)……
Con……
(Escribe a túa palabra)……
Contra……
(Escribe a túa palabra……
De……
(Escribe a túa palabra)……
Dende……
(Escribe a túa palabra)……
En……
(Escribe a túa palabra)……
Entre……
(Escribe a túa palabra)……
Ata……
(Escribe a túa palabra)……

Para.....
(Escribe a túa palabra)……
Por.....
(Escribe a túa palabra)……
Segundo.....
(Escribe a túa palabra)……..
Sen.....
(Escribe a túa palabra)……
So.....
(Escribe a túa palabra)……
Sobre.....
(Escribe a túa palabra)……
Tras.....
(Escribe a túa palabra)……..

LIBRO DE COCIÑA

Duración: 10 minutos

Materiais: Papel e boli

Desenvolvemento: Outro tipo de libros que podes encontrar en calquera biblioteca son os libros de cociña. Imos inventar unha receita moi especial, porque as receitas son como beberaxes máxicas que poden rematar nun pastel, unha paella ou un "potingue" para namorar.
Pensa que queres conseguir e ve enchendo e inventando os pasos a seguir para elaborar a túa receita.

RECEITA DE……
Ingredientes:
3……
¼ de litro de……
2 culleradas sopeiras de……..
½ quilo de……..
Un chisco de……
Un chorriño de……
……
……

Poñer a remollo..... o día anterior
Pela ben.....
Mestura nun recipiente..... e ……
……
Coce a pouco lume.....
Reboza.....
Fríe.....
Adorna.....con.....
……
Sírvase no seu punto e.....

Exquisito. ¡Ñam!

CÓMIC

Duración: 5 minutos

Materiais: un boli e cores

Desenvolvemento: completa as seguintes viñetas co que se che ocorra.

11.- Os libros son pontes entre culturas

Duración: 10 minutos

Materiais: Lapis de cores

Desenvolvemento: Os libros son pontes que nos facilitan a entrada a outras culturas, outras formas de pensar, outras tradicións. Abrir un libro pode trasladarte ao Polo Norte ou ás selvas africanas.
Pensa neses lugares do mundo que te gustaría coñecer e debúxaos ás beiras do río. Os ponte-libros axudarante a ir dun lugar a outro.
Para inspirarte podes pensar nos diferentes tipos de vivendas que coñeces.



12.- Xogando coas historias

TECENDO UN MARCA-PÁXINAS

Duración: 15 minutos

Materiais: Papel, tesoiras, pegamento, lapis ou rotuladores de cores e plástico adhesivo transparente.

Desenvolvemento: Recorta unhas tiras dun folio duns 2 centímetros de ancho.



-Escribe en cada anaco con lapis ou rotuladores de cores algo que che guste dos teus libros, contos ou cómics favoritos. Tamén podes facer debuxos rápidos ou poñer os nomes dos personaxes. En fin, calquera cousa das túas lecturas.

Agora imos tecer un marca páxinas coas tiras de papel que escribiches.



-Pega nun folio unha esquiniña de tres das tiras que tes.



-Pasa unha tira por arriba da que tes pegada, logo a seguinte por abaixo e a ultima por arriba outra vez.

Corta o que sobre e pásao agora primeiro por abaixo, logo por arriba e outra vez por abaixo. Corta o que sobre e así sucesivamente ata que teña un longo que che guste.



-Agora pégao todo ao folio para que non se desfaga ou, se queres, podes forralo con plástico transparente adhesivo para que se vexan as dúas caras.

Cando o teñas rematado cámbiallo a/ao túa/teu compañeira/o e cóntalle que historias tece o teu marca páxinas.

O PERSONAXE SAE DO LIBRO

Duración: 15 minutos

Materiais: Papel, tesoiras, pegamento, lapis ou rotuladores de cores.

Desenvolvemento: Recorta, pega e colorea. Non esquezas poñer un título ao teu libro.



13.- Tachán!!! Técnicas Pop Up

DIÁLOGO DE OLLOMOLES

Duración: entre 5 e 10 minutos

Materiais: tesoiras, papel, cores e pegamento

Desenvolvemento:
- 1. Dobra o papel
- 2. Corta o papel
- 3. Dobra o papel
- 4. Debuxa dous personaxes e recórtaos
- 5. Pega os personaxes que recortaches para que saian da folla

Que lles pasa? Inventa unha pequena historia.

1



2



3

3



3



4

5

5



TRAGALDABAS

Duración: entre 5 e 10 minutos

Materiais: tesoiras, papel e cores

Desenvolvemento: Esta folla ten a boca grande, moi grande. Talvez quere tragar unha historia dun só bocado, ou pode que sexa moi faladora, ou cante o Do de peito como unha Diva da Ópera. Que crees ti?

- 1. Dobra a folla
- 2. Fai un corte
- 3. Dóbrao
- 4. Mete a dobrez cara a dentro
- 5. Xa tes a boca, agora debuxa o personaxe

1



2



3

4



4

4

5



COTILLA DE PACOTILLA

Duración: entre 5 e 10 minutos

Materiais: tesoiras, papel, cores e pegamento

Desenvolvemento: O teu personaxe é moi curioso e estira o seu colo para inspeccionalo todo.

- 1. Recorta dúas tiras de papel
- 2. Pégaas en ángulo recto
- 3. Dobra unha enriba doutra sucesivamente
- 4. Recorta a cara do teu personaxe e pégaa no extremo
- 5. Pégao nunha folla

Que é o que quere pescudar?

1

1

2



2



3

3



4

5





A PORTA MISTERIOSA

Duración: entre 5 e 10 minutos

Materiais: tesoiras, papel, cores e pegamento

Desenvolvemento: Tras a porta escóndese o ser máis marabilloso do mundo. Descóbreo.

- 1. Dobra a folla en 4 seccións
- 2. Debuxa a porta (Só a metade)
- 3. Recorta polas liñas do teu debuxo
- 4. Pega a porta a unha folla
- 5. Debuxa dentro o teu personaxe misterioso

1



2



3

3



4



14.- Non me rompas a cabeza

Duración: 10 minutos

Materiais: un boli

Desenvolvemento: Con este crebacabezas podes facer poesías ou relatos tolos.
Hai varias pezas iguais para que as poidas encaixar de diferentes formas.

-Escribe nas pezas azuis substantivos (Quen é)
-Nas pezas amarelas, verbos (Que fan)
-Nas pezas rosas, adxectivos (Como son)
-E nas pezas brancas, o que o teu queiras.
Logo recórtao e sorpréndete cos resultados.